



ORDENANZA FISCAL Nº 31 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA MÁQUINA FOTOCOPIADORA.

ARTIGO 1 CONCEPTO.

De conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público pola prestación de servizos na máquina fotocopidora, especificados na tarifa contida no artigo 3º da presente ordenanza.

ARTIGO 2 OBRIGADOS AO PAGAMENTO.

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza aqueles que se beneficien dos servizos ou actividades realizadas por este Concello, aos que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 3 CONTÍA.

A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será a fixada na tarifa que segue a continuación:

As primeiras 10 copias, cada unha	0,18 €
Polas restantes, cada unha	0,12 €

ARTIGO 4 ADMINISTRACIÓN E COBRO.

O cobro realizarase na caixa municipal, en réxime de autoliquidación, mediante impreso subministrado para tal efecto, polo servizo correspondente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Nos termos previstos no artigo 47 da Lei reguladora das facendas locais e normativa concordante delégase na Xunta de Goberno Local do Concello a facultade de modificar o prezo público regulado nesta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.